

Luns, 30 de agosto de 2021

Núm. 166

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **TUI**

#### **Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO DE FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA PARA  
CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PRAZAS DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO  
E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE VIOLÍN*

Con data 24 de agosto de 2021, aprobouse, por resolución da concellería delegada de persoal, as bases e convocatoria do proceso de selección para a confección de listaxe de reserva para contratacións temporais de prazas de profesor/a do conservatorio e/ou na escola de música de Tui na especialidade de violín, co fin da cobertura de baixas, substitucións temporais e similares.

As instancias polas que se solicita formar parte en cada proceso selectivo, dirixiranse ó alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **10 días hábiles**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Tui: ([concello.tui.sedelectronica.gal](https://concello.tui.sedelectronica.gal)) e na súa páxina web, ([www.tui.gal](http://www.tui.gal)).

O Concelleiro de persoal, José Ramón Magán Rivera.

Tui, á data da sinatura dixital á marxe.

